“Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben”

Rosalía de Castro. *La Hija del Mar* (prólogo). 1859

ARQUIVO
Deputación DA CORUÑA

N. 0193775

**Documento do mes**
**Setembro 2023**

# ROSALÍA E FAMILIA



*Retrato de Rosalía*, ca. 1880. Óleo de Modest Brocos. Patrimonio Provincial

Rosalía de Castro é a nosa emblemática escritora nacional, incontestable e atemporal, á altura de Austen, Scott, Hugo ou Gógol, a xuízo de Isabel Burdiel. Xa ninguén pon en dúbida que entre os seus inicios na bohemia do progresismo radical e o arquetipo final de santa cultural, entra en xogo o rol murguiano de mediador da súa imaxe, ata furtarnos a figura real. Pero Barreiro (biógrafo del) insiste en que non se lle xulgue con ollos do presente. O seu ocultamiento sistemático reelabora unha interpretación canónica das súas biografías para a historia, adecuando as súas vidas ao papel conquistado.

Por tanto é preciso controlar o potente tópico construído por Manuel Murguía, o mellor dos estrategos culturais que produce Galicia, segundo Lama (biógrafa dela), o construtor do relato rosaliano ata a santificación laica, en opinión de Pereiro. E debido a que Rosalía é desfigurada nun mito falsificado, na imaxe dunha Galicia feminina submisa, Pilar García Negro anima a léela desde ela mesma e desclasificarla, pois é a feminista na sombra que inicia a modernidade galega: radical, transgresora, heterodoxa, rebelde e revolucionaria. Opina igual Marina Mayoral, pois toda Rosalía está nos seus versos. No seu proceso de mitificación, Murguía destrúe as cartas que non se axustan á interpretación canónica e mostran as súas outras facetas. (Carta ca. 1864 "realidades de los maridos").

O Arquivo da Deputación conserva a maioría das cartas que Rosalía de Castro escribe ao seu marido. A correspondencia mutilada é escasa, dispoñemos de cinco dun total de oito. Corresponden á década do 1860, tan só unha está datada no 1881. Resulta evidente que o labor de destrución epistolar cebase na década do 1870. Nas poucas conservadas Barreiro ve amor e colaboración. Marina Mayoral vai máis aló e apunta que as súas cartas humanízana, fana máis entrañable, imperfecta e menos mito: impaciente, irritable, amarga, apurada economicamente, enferma, soa, con sentimentos contraditorios de amor-odio. (Carta ca.1865 "cada vez menos resignada").

María Xesús Lama fai fincapé en que Rosalía marcha a Madrid aos 19 anos coa pretensión de profesionalizarse e ter unha vida pública, algo pouco común. De modo que a hipótese máis plausible achégaa á vitalidade, a lucidez, a rebeldía e o compromiso e afástaa da lenda da eterna doente, retraída, solitaria e sombría que se impuxo no noso imaxinario colectivo. Unha vez alí, frecuenta as mesmas relacións que Murguía, que era admirado polos seus familiares e os seus amigos do Liceo de Santiago. Conflúen nun Madrid fervente de ideas revolucionarias, dous personaxes extraordinarios e complementarios, dous mozos cheos de ideais. A súa vida bohemia discorre entre os faladoiros de cafés, as conferencias do Ateneo, as bibliotecas, as librerías e as redaccións dos xornais.

A consecuencia máis importante da viaxe de Rosalía a Madrid, para Barreiro, é o encontro ou reencontro con Manuel, un mozo brillante, en plena produtividade xornalística e literaria. É entusiasta, activo, idealista, culto, apaixonado e estimulante. Lama enténdea como unha relación sentimental alimentada pola comunicación intelectual e a comunidade de ideais, ata o punto de selar un sólido pacto de lealdade mutua. Unha relación entre dúas almas xemelgas.

Con todo, Manuel Martínez Murguía dista de ser o ideal marido. Lama sinala que o mesmo feito de escollelo como compañeiro sentimental, neste momento da súa vida, é unha manifestación do seu carácter libre e independente, porque son moitas as dificultades para afrontar e escasas as vantaxes. É máis, sería inxusto valorar a personalidade de Rosalía obviando que a aparencia física de Murguía rozaba case o ridículo. En efecto, á moza revolucionaria compostelá sedúcea a bohemia madrileña e cae rendida ante os encantos de Manuel. Non pola súa beleza apolínea e moito menos pola súa minguada estatura. Nin pola súa cuantiosa fortuna e menos pola súa estabilidade laboral, xa que era un xenio insensato e irresponsable. Senón seducida polo seu impresionante despregamento intelectual e ideolóxico. E el atopa nela unha muller ao seu nivel intelectual. Toman a decisión de casar, en opinión de Barreiro, sobre abril do ano 1858, porque solicitan entón a Teresa Castro un certificado de residencia en Padrón. Así é que non lle parece tan influente o feito de que ela xa está embarazada o 10 de novembro cando casan. Alejandra Teresa nace o 12 de maio. (Carta ca.1862 "la niña buena").

A partir de entón, apreciamos o potencial paralizante do agarimo murguiano, que para Lama non é máis que unha das facetas do dogal do matrimonio no século XIX. Rosalía, que publicaba a través da inmensa rede de contactos de Murguía, está hondamente condicionada pola longa sombra do cónxuxe. El administra a súa actividade creadora na vida e na morte, disimulando o seu papel de escritora comprometida e intelectual "avant a lettre".

Nesta época, só as solteiras, as viúvas ou as separadas, como Juana de Vega, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán, teñen máis posibilidades, aínda que todas deban disfrazarse baixo unha ficción de falsa modestia para acougar á masculinidade intelectual. Xustamente Veiga na nova biografía de Juana de Vega tamén menciona a correspodencia mutilada, os subterfugios da autoria feminina e a construción de personaxes. (Carta ca.1867 "mi joven azul").

Polo demais, mentres vive a nai, a filla queda liberada das obrigacións, pero é unha independencia que apenas goza con Alejandra moi pequena, pois Teresa Castro falece no ano 1862. Pero Rosalía non herda unha fortuna, como Juana ou Emilia. Serán as cargas familiares de ata sete fillos as que lle fan reconsiderar o rumbo da súa vida. Seis partos entre os anos 1868 e 1877, case dez anos despois do primeiro e cinco sobreviventes, cada cal cun nome máis evocador, como Gala Branca Eleonora, a última dos Murguía Castro. En efecto, entrampada pola vida, polos plans de Murguía, polos fillos, pola falta de apoio materno, polos apuros económicos e pola enfermidade, evoluciona do idealismo cara ao escepticismo e a indignación. Lama é capaz de apreciar a complexidade dun espírito crítico, dunha experiencia vital rexida polo devir da ilusión en frustración, da crenza nun ideal en desesperanza. O 15 de xullo do 1885 morre na Casa da Matanza de Padrón, vítima dun cancro de útero con apenas 48 anos, pouco despois de que Modesto Brocos pinte alí o seu único retrato en vida. ( Carta ca.1881 "¿Rehabilitarme de qué?").

Manuel entón somete e canoniza a Rosalía. Aprópiase do seu legado cultural e pono ao servizo da construción nacionalista e da súa rivalidade persoal e política coa sua competidora, Emilia Pardo Bazán. Segundo Isabel Burdiel, enfróntaas, negándolles calquera capacidade directiva, porque é profundamente sexista e está obsesionado. Todo empeza nun acto en homenaxe a Rosalía no Teatro Principal, no ano 1885. Emilia estréase como oradora e o discurso publícao a Deputación baixo o título *La poesía regional gallega*. Murguía nunca lle perdoará que non adiviñe a súa profunda calidade poética, escribise na lingua que escribise. Mayoral pensa que a opinión da Pardo Bazán sobre Rosalía hai que contextualizala. (Manuscrito e libro).

Nesta sociedade as relacións persoais son fundamentais. E aínda que Rosalía de Castro conta cunha excelente rede familiar, Manuel Murguía é capaz de tecer unha inmensa rede de amigos, colaboradores e ata patrocinadores perpetuos. Renuncian ao conquistado en Madrid e volven a súa mirada a Galicia con romanticismo e improvisación, poñendo a súa economía en mans da fortuna. O mesianismo murguiano failles supoñer que Galicia proverá. E en efecto faino. Murguía convértese nun escritor semiliberado, de acordo con Barreiro, pois desde o ano 1861 documentamos que comezan e xa non cesan as subvencións da Deputación da Coruña á maioría das súas obras: a *Historia de Galicia*, o *Diccionario de escritores gallegos*, *El foro*, *Los precursores*, *En prosa* ou *Rimas*.

A pesar de todo, debido a que os seus ambiciosos proxectos editoriais non alcanzan para manter á familia, no 1868 inicia unha accidentada carreira de arquiveiro, que tamén é froito da súa estratexia constante de valerse das amizades. No 1885 é nomeado Cronista de Galicia e máis tarde presidente da Comisión Provincial de Monumentos, ambos os baixo o amparo da Deputación. Non en balde o seu gran amigo é o padronés Ramón Tojo, deputado provincial 26 anos e 6 anos presidente. O é precisamente no 1909, cando consegue a praza no arquivo da Deputación. Ao quedar xubilado forzoso aos 70 anos e sen dereito a pensión polos seus servizos ao Estado, mobiliza ata ao Presidente do Congreso, González Besada, por mediación de Ramón Tojo, que entende que deben ser as institucións galegas as que se fagan cargo dos Murguía Castro. E así o fai a Deputación, a máis sensible sempre coas necesidades da familia. Cando falece fai 100 anos na Coruña aos 90, achacoso pero en exercicio dos seus cargos (o alimenticio de arquiveiro da Deputación e o vocacional da Real Academia Galega), confía merecer ao fin unha pensión vitalicia para a súa filla Alejandra. Incluso a máis lonxeva, Gala recíbea ata que falece no ano 1964 e extínguese a familia Murguía Castro. ( Ver Documento do mes de Murguía, Pinturas de Ovidio do Patrimonio Provincial, Monumento a Murguía nos xardíns de Mendez Nuñez).

Bibliografía empregada

Textos e dirección de arte: Carmen Molina. Asistente de edición e maquetación: Yolanda Carro. Descripción documental: Begoña Rodríguez. Documentos: FP-3, 1092, 10228. Actas: 5.8.1861, 7.1.1864, 9.11.1887, 6.11.1895, 22.3.1923, 4.9.1937, 17.8.1938, 5.9.1938, 25.3.1942, 28.4.1953, 24.4.1964. BOPs: 9.5.1883, 21.5.1885, 10.12.1895, 5.5.1896, 20.06.1902, 27.1.1939. Inventario Patrimonio Provincial: nº 50, 266, 267, 866, 867, 868, 869, 870, 871, 872, 874, 875, 876, 877, 1032.

“Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben”

**Rosalía de Castro. *La Hija del Mar* (prólogo). 1859**

ARQUIVO
Deputación
DA CORUÑA

N. 0193775

## Documento del mes
## Septiembre 2023

# ROSALÍA Y FAMILIA



***Retrato de Rosalía*, ca. 1880. Óleo de Modest Brocos.**
**Patrimonio Provincial**

Rosalía de Castro es nuestra emblemática escritora nacional, incontestable y atemporal, a la altura de Austen, Scott, Hugo o Gógol, a juicio de Isabel Burdiel. Ya nadie pone en duda que entre sus inicios en la bohemia del progresismo radical y el arquetipo final de santa cultural, entra en juego el rol murguiano de mediador de su imagen, hasta hurtarnos la figura real. Pero Barreiro (biógrafo de él) insiste en que no se le juzgue con ojos del presente. Su ocultamiento sistemático reelabora una interpretación canónica de sus biografías para la historia, adecuando sus vidas al papel conquistado.

Por tanto es preciso controlar el potente tópico construido por Manuel Murguía, el mejor de los estrategas culturales que produce Galicia, según Lama (biógrafa de ella), el constructor del relato rosaliano hasta la santificación laica, en opinión de Pereiro. Y puesto que Rosalía es desfigurada en un mito falsificado, en la imagen de una Galicia femenina sumisa, Pilar García Negro anima a leerla desde ella misma y desclasificarla, pues es la feminista en la sombra que inicia la modernidad gallega: radical, transgresora, heterodoxa, rebelde y revolucionaria. Opina igual Marina Mayoral, pues toda Rosalía está en sus versos. En su proceso de mitificación, Murguía destruye las cartas que no se ajustan a la interpretación canónica y muestran sus otras facetas. (Carta ca. 1864 "realidades de los maridos").

El Archivo de la Diputación conserva la mayoría de las cartas que Rosalía de Castro escribe a su marido. La correspondencia mutilada es escasa y disponemos de cinco de un total de ocho. Corresponden a la década de 1860, tan solo una está fechada en 1881. Resulta evidente que la labor de destrucción epistolar se ceba en la década de 1870. En las pocas conservadas Barreiro ve amor y colaboración. Marina Mayoral va más allá y apunta que sus cartas la humanizan, la hacen más entrañable, imperfecta y menos mito: impaciente, irritable, amarga, apurada económicamente, enferma, sola, con sentimientos contradictorios de amor-odio. (Carta ca.1865 "cada vez menos resignada").

María Xesús Lama hace hincapié en que Rosalía marcha a Madrid a los 19 años con la pretensión de profesionalizarse y tener una vida pública, algo poco común. De modo que la hipótesis más plausible la acerca a la vitalidad, la lucidez, la rebeldía y el compromiso y la aleja de la leyenda de la eterna doliente, retraída, solitaria y sombría que se impuso en nuestro imaginario colectivo. Una vez allí, frecuenta las mismas relaciones que Murguía, que era admirado por sus familiares y amigos del Liceo de Santiago. Confluyen en un Madrid hirviente de ideas revolucionarias, dos personajes extraordinarios y complementarios, dos jóvenes llenos de ideales. Su vida bohemia discurre entre las tertulias de cafés, las conferencias del Ateneo, las bibliotecas, las librerías y las redacciones de los periódicos.

La consecuencia más importante del viaje de Rosalía a Madrid para Barreiro, es el encuentro o reencuentro con Manuel, un joven brillante en plena productividad periodística y literaria: entusiasta, activo, idealista, culto, apasionado y estimulante. Lama la entiende como una relación sentimental alimentada por la comunicación intelectual y la comunidad de ideales, que sella un sólido pacto de lealtad mutua. Una relación entre dos almas gemelas.

No obstante, Manuel Martínez Murguía dista de ser el ideal marido. Lama señala que el hecho de escogerlo como compañero sentimental, en este momento de su vida, es una manifestación de su carácter libre e independiente, porque son muchas las dificultades a afrontar y escasas las ventajas. Es más, sería injusto valorar la personalidad de Rosalía obviando que la apariencia física de Murguía rozaba casi el ridículo. En efecto, a la joven revolucionaria compostelana la seduce la bohemia madrileña y cae rendida ante los encantos de Manuel. No por su belleza apolínea y mucho menos por su menguada estatura. Ni por su cuantiosa fortuna y menos por su estabilidad laboral, ya que era un genio insensato e irresponsable. Sino cautivada por su apabullante despliegue intelectual e ideológico. Y él encuentra en ella una mujer a su nivel intelectual. Toman la decisión de casarse, en opinión de Barreiro, sobre abril de 1858, porque solicitan entonces a Teresa Castro un certificado de residencia en Padrón. Así es que no le parece tan influyente el hecho de que ella ya está embarazada el 10 de noviembre cuando se casan. Alejandra Teresa nace el 12 de mayo. (Carta ca.1862 "la niña buena").

A partir de entonces, apreciamos el potencial paralizante del "agarimo" murguiano, que para Lama no es más que una de las facetas del dogal del matrimonio. Rosalía, que publicaba a través de la inmensa red de contactos de Murguía, está hondamente condicionada por la larga sombra del cónyuge. Él administra su actividad creadora en la vida y en la muerte, disimulando su papel de escritora comprometida e intelectual "avant la lettre".

En esta época, solo las solteras, las viudas o las separadas, como Juana de Vega, Concepción Arenal y Emilia Pardo Bazán, tienen más posibilidades, aunque todas deban disfrazarse bajo una ficción de falsa modestia para calmar a la masculinidad intelectual. Justamente Veiga en la nueva biografía de Juana de Vega tambien menciona la correspodencia mutilada, los subterfugios de la autoria femenina y la construcción de personajes. (Carta ca.1867 "mi joven azul").

Por lo demás, mientras vive la madre, la hija queda liberada de las obligaciones, pero es una independencia que apenas disfruta con Alejandra muy pequeña, pues Teresa Castro fallece en 1862. Pero Rosalía no hereda una fortuna, como Juana o Emilia. Serán las cargas familiares de hasta siete hijos las que le hacen reconsiderar el rumbo de su vida. Seis partos entre 1868 y 1877, casi diez años después del primero y cinco supervivientes, con nombres tan evocadores como Gala Blanca Eleonora, la última de los Murguía Castro. En efecto, entrampada por la vida, por los planes de Murguía, por los hijos, por la falta de apoyo materno, por los apuros económicos y por la enfermedad, evoluciona del idealismo hacia el escepticismo y la indignación. Lama es capaz de apreciar la complejidad de un espíritu crítico, de una experiencia vital regida por el devenir de la ilusión en frustración, de la creencia en un ideal en desesperanza. El 15 de julio de 1885 muere en la Casa da Matanza de Padrón, víctima de un cáncer de útero con apenas 48 años, poco después de que Modesto Brocos pinte allí su único retrato en vida. (Carta ca.1881 "¿Rehabilitarme de qué?").

Manuel entonces somete y canoniza a Rosalía. Se apropia de su legado cultural y lo pone al servicio de la construcción nacionalista y de su rivalidad personal y política con su competidora, Emilia Pardo Bazán. Según Isabel Burdiel, las enfrenta, negándoles cualquier capacidad directiva, porque es profundamente sexista y está obsesionado. Todo empieza en un acto en homenaje a Rosalía en el Teatro Principal, en 1885. Emilia se estrena como oradora y el discurso lo publica la Diputación bajo el título de *La poesía regional gallega.* Murguía nunca le perdonará que no adivine su profunda calidad poética, escribiese en la lengua que escribiese. Mayoral piensa que la opinión de Pardo Bazán sobre Castro hay que contextualizarla. (Manuscrito y libro).

En esta sociedad las relaciones personales son fundamentales. Y si bien Rosalía de Castro cuenta con una excelente red familiar, Manuel Murguía es capaz de tejer una inmensa red de amigos, colaboradores y hasta patrocinadores perpetuos. Renuncian a lo conquistado en Madrid y vuelven su mirada a Galicia con romanticismo e improvisación, poniendo su economía en manos de la fortuna. El mesianismo murguiano les hace suponer que Galicia proveerá. Y en efecto lo hace. Murguía se convierte en un escritor semiliberado, de acuerdo con Barreiro, pues desde 1861 documentamos que comienzan y ya no cesan las subvenciones de la Diputación de A Coruña a la mayoría de sus obras: la *Historia de Galicia*, el *Diccionario de escritores gallegos*, *El foro*, *Los precursores*, *En prosa* o *Rimas*.

A pesar de todo, puesto que sus ambiciosos proyectos editoriales no alcanzan para mantener a la familia, en 1868 inicia una accidentada carrera de archivero, que también es fruto de su estrategia constante de valerse de las amistades. En 1885 es nombrado Cronista de Galicia y más tarde presidente de la Comisión Provincial de Monumentos, ambos bajo el amparo de la Diputación. No en vano su gran amigo es el padronés Ramón Tojo, diputado provincial 26 años y 6 años presidente. Lo es precisamente en 1909, cuando consigue la plaza en el archivo de la Diputación. Al quedar jubilado forzoso a los 70 años y sin derecho a pensión por sus servicios al Estado, moviliza hasta al Presidente del Congreso, González Besada, por mediación de Ramón Tojo, que entiende que deben ser las instituciones gallegas las que se hagan cargo de los Murguía Castro. Y así lo hace la Diputación, la más sensible siempre con las necesidades de la familia. Cuando fallece hace 100 años en A Coruña a los 90, achacoso pero en ejercicio de sus cargos (el alimenticio de archivero de la Diputación y el vocacional de la Real Academia Gallega), confía en merecer al fin una pensión vitalicia para su hija Alejandra. Incluso la más longeva, Gala la recibe hasta que fallece en 1964 y se extingue la familia Murguía Castro. (Ver Documento del mes de Murguía, Pinturas de Ovidio del Patrimonio Provincial, Monumento a Murguía en los jardines de Mendez Nuñez).

Bibliografía empleada

Textos y dirección de arte: Carmen Molina. Asistente de edición y maquetación: Yolanda Carro. Descripción documental: Begoña Rodríguez. Documentos: FP-3, 1092, 10228. Actas: 5.8.1861, 7.1.1864, 9.11.1887, 6.11.1895, 22.3.1923, 4.9.1937, 17.8.1938, 5.9.1938, 25.3.1942, 28.4.1953, 24.4.1964. BOPs: 9.5.1883, 21.5.1885, 10.12.1895, 5.5.1896, 20.06.1902, 27.1.1939. Inventario Patrimonio Provincial: nº 50, 266, 267, 866, 867, 868, 869, 870, 871, 872, 874, 875, 876, 877, 1032.